Estructuras de Datos e da Información

Kike Benlloch

1996

Índice

TDA 5

CONXUNTOS 5

COLAS 10

PILAS 13

RECURSIVIDADE 21

ARBORES 27

MONTICULOS 56

TDA

TDA (Tipo de Dato Abstracto) é unha abstracción matemática, un conxunto de operacións. Na definición do tipo de dato na sección type (morfoloxía do TDA) non se fai mención a como son esas operacións que definen o TDA, senón que estas van despois en forma de procedementos e funcións (sintaxe do TDA).
As avantaxes dun TDA son:

- -As operacións escríbense unha soa vez e son empregadas polos restantes módulos do programa.
- -As correcións nos módulos das operacións que definen o TDA son transparentes ó usuario e ós programas que empreguen o TDA.

CONXUNTOS

Un conxunto é un TDA (tipo de dato abstracto) que é unha colección de elementos na cal non hai elementos repetidos (un elemento aparece unha vez ou non aparece) e ademáis non están almacenados en ningúnha orde determinada.

exemplo:

{ 1 , 3 , 6 , 2 , 4 , 5 } é un conxunto
{ 1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6 } é o mesmo conxunto
{ 1 , 2 , 2 , 4 , 5 , 6 } non é un conxunto

Os conxuntos defínense mediante unha enumeración dos elementos:

$$X = \{ 1 , 2 , 3 , 4 \}$$

ou mediante unha serie de condicións que os definen:

$$X = \{ x \in Z / 1 <= x <= 4 \}$$

A relación básica é a de pertencia ($\in$) ou non dun elemento a un conxunto.
O conxunto baleiro é aquel que non tén elementos.
Dise que un conxunto A está incluído noutro conxunto B se tódolos elementos de A tamén pertencen a B.

operacións:

UNION	$A \cup B = \{ x / x \in A$ ou $x \in B \}$
INTERSECCION	$A \cap B = \{ x / x \in A$ e $x \in B \}$
DIFERENCIA	$A - B = \{ x / x \in A$ e $x \notin B \}$

Implementación dun conxunto mediante un vector booleano ("mapa de bits"):
Para representar un conxunto de enteiros 1..n pódese empregar un array de valores booleanos. Un elemento pertence ó conxunto se e so se o valor da súa compoñente é true. Esta representación pódese xeralizar para calquera tipo de conxunto e non so para conxuntos de enteiros.

```
type
     tipoelemento : 1 .. n ;
     conxunto : array [ tipoelemento ] of boolean ;
```

o conxunto { 1 , 4 } dentro do universo 1..6 represéntase como

```
|true|false|false|true|false|false|
   1    2     3     4    5     6      índices
```

Características:
-é un vector unidimensional onde os elementos gardan valores booleanos
-é válido cando hai un número finito de elementos
-os datos do conxunto deben ser datos simples de tipo ordinal

Avantaxes:
-operacións de unión e intersección realízanse de xeito moi rápido
-se o conxunto colle nunha palabra do ordenador (word) o ordenador realiza a operación dunha soa vez (procesa o conxunto dunha vez); as operacións polo tanto son rapidísimas

Inconvintes:
-limitación polo número finito de elementos
-deben estar nun subrango
-datos de tipo simple

Agora imos implementar algunha das funcións básicas para este tipo de conxuntos:

*Ca declaración TYPE que definimos arriba e a idea anterior, a inicialización a baleiro supón rechear tódalas compoñentes a false.

```
procedure conxuntobaleiro ( var a : conxunto ) ;
var
   i : integer ;
begin
     for i := 1 to n do { a complexidade da operación é n }
         a[i]:= false ;
end ;
```

*Para mirar se un conxunto é baleiro ou non buscamos a primeira compoñente que sexa true. Se non atopamos ningunha o conxunto é baleiro.

```
function e_baleiro ( a : conxunto ) : boolean ;
var
   i : integer ;
   nonbaleiro : boolean ;
begin
     i := 1 ;
     repeat { a complexidade da operación é n, aínda que en media é menos }
            nonbaleiro := a[i] ;
            i := i + 1 ;
     until (i>n) or nonbaleiro ;
     e_baleiro := not nonbaleiro ;
end ;
```

*A pertencia decídese simplemente mirando se a compoñente do elemento que buscamos está a true ou no. Análogamente insertar un elemento consiste en colocar a súa compoñente a true e borrar colocala a false.

```
function pertence ( a : conxunto ; i : tipoelemento ) : boolean ;
begin
     pertence := a[i] ; { a complexidade da operación é 1 }
end ;

procedure insertar ( var a : conxunto ; i : tipoelemento ) ;
begin
     a[i] := true ; { a complexidade da operación é 1 }
end ;

procedure borrar  ( var a : conxunto ; i : tipoelemento ) ;
begin
     a[i] := false ; { a complexidade da operación é 1 }
end ;
```

*Para a unión, intersección e diferencia utilizaremos os conectivos lóxicos

*Para a unión emprégase a disxunción (pertence a un ou pertence ó outro)

```
procedure union ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i : integer ;
begin
     for i := 1 to n do
         c[i] := a[i] or b[i] ; { a complexidade da operación é n }
end ;
```

*Para a intersección emprégase a conxunción (pertence a un e pertence
ó outro)

```
procedure interseccion ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i : integer ;
begin
     for i := 1 to n do
         c[i] := a[i] and b[i] ; { a complexidade da operación é n }
end ;
```

*Para a diferencia emprégase a conxunción e a negación (pertence a un e non
ó outro)

```
procedure diferencia ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i : integer ;
begin
     for i := 1 to n do
         c[i] := a[i] and not b[i] ; { a complexidade da operación é n }
end ;
```

*Realización mediante un vector cos elementos.
Esta realización propón gardar tódolos elementos do conxunto nun vector
un detrás do outro, utilizando so as primeiras compoñentes necesarias.

```
const
     maxel = { estimación do máximo número de elementos posibles no conxunto }
type
    tipoelemento = { tipo de dato que se quere gardar no conxunto }
    conxunto = record
                     elementos : array [ 1 .. maxel ] of tipoelemento ;
                     cardinal : 0 .. maxel ;
               end ;
```

cardinal indica o derradeiro elemento do vector utilizado. Emprégase o nome
cardinal porque tamén indica o número de elementos que tén o conxunto.

```
exemplo:      1  2  3  ... maxel     índices
              1  4

              este é o conxunto {1,4}, cardinal val 2
```

*Desta maneira, o conxunto baleiro queda definido se colocamos cardinal a 0.
A decisión de se un conxunto é baleiro é agora inmediata.

```
procedure conxuntobaleiro ( var a : conxunto ) ;
begin
     a . cardinal := 0 ; { complexidade 1 }
end ;

function e_baleiro ( a : conxunto ) : boolean ;
begin
     e_baleiro := a . cardinal = 0 ; { complexidade 1 }
end ;
```

*Para determinar se un elemento pertence ou non ó conxunto, simplemente
faise unha búsqueda no vector dende a compoñente 1 ata a cardinal do
conxunto.

```
procedure insertar ( var a : conxunto ; i : tipoelemento ) ;
begin
     if not pertence ( a , i ) then
        with a do
             if cardinal = maxel
             then erro ( 'non hai sitio dispoñible' )
             else begin
                  cardinal := cardinal + 1 ; { complexidade n }
                  elemento [ cardinal := i ;
             end ;
end ;

function pertence ( a : conxunto ; i : tipoelemento ) : boolean ;
var
   j : integer ;
   esta : boolean ;
begin
     esta := false ;
     with a do
          while ( j <= cardinal ) and not esta do
                if elementos [ j ] = i
                then esta := true
                else j := j + 1 ;
     pertence := esta ;
end ;
```

*Cando se tenta insertar e non queda sitio dispoñible no vector para almacenalo prodúcese un erro. Este procedemento erro tamén se utilizará para a unión.

*Borrado: primeiro localízase o elemento dentro do vector. Conseguido isto reemprázase polo derradeiro elemento e decreméntase cardinal nunha unidade.

```
procedure borrar ( var a : conxunto ; i : tipoelemento ) ;
var
   j : integer ;
   esta : boolean ;
begin
     j := 0 ;
     esta := false ;
     with a do begin
          while ( j < cardinal ) and not esta do begin
                j := j + 1 ;                         { complexidade n }
                esta := elemento [ j ] = i ;
          end ;
          if esta then begin
             elementos [ j ] := elementos [ cardinal ] ;
             cardinal := cardinal - 1 ;
          end ;
     end ;
end ;
```

*Unión: todo o conxunto a e os elementos de b que non estean en a.

```
procedure union ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i , j : integer ;
begin
     with c do begin
          for i := 1 to a . cardinal do
              elementos [ i ] := a . elementos [ i ] ;
          j := a . cardinal ;
          for i := 1 to b . cardinal do
          if not pertence ( a , b . elementos [ i ] ) then
             if j = maxel
             then erro ( 'non hai sitio dispoñible' )
             else begin
                  j := j + 1 ;   { complexidade card(a) + card(b) }
                  elementos [ j ] := b . elementos [ i ] ;
             end ;
          cardinal := j ;
     end ;
end ;
```

*Intersección: percórrese o conxunto a insertando en c so aqueles elementos que estean tamén en b.

```
procedure interseccion ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i , j : integer ;
begin
     with c do begin
          j := 0 ;
          for i := 1 to a . cardinal do
              if pertence ( b , a . elementos [ i ] )
              then begin
                   j := j + 1 ;  { complexidade card(a) + card(b) }
                   elementos [ j ] := a . elementos [ i ] ;
              end ;
              cardinal := j ;
     end ;
end ;
```

*Diferencia : percórrese o conxunto a e gárdanse en c so os elementos que non estean en b.

```
procedure diferencia ( a , b : conxunto ; var c : conxunto ) ;
var
   i , j : integer ;
begin
     with c do begin
          j := 0 ;
          for i := 1 to a . cardinal do
              if not pertence ( b , a . elementos [ i ] )
              then begin
                   j := j + 1 ;  { complexidade card(a) + card(b) }
                   elementos [ j ] := a . elementos [ i ] ;
              end ;
              cardinal := j ;
     end ;
end ;
```

COLAS

As colas son un tipo de dato abstracto que se caracterízan por unha estructura FIFO. O primeiro elemento que entra é o primeiro que sae. A entrada á cola so se pode facer por un dos dous extremos e a saída polo outro extremo.

As colas caracterízanse polo xeito en que se tratan os elementos que hai nelas. Se accedemos a un elemento intermedio da cola inmediatamente deixa de ser unha cola porque non a estamos tratando como tal.

De cote chámase final da cola ó sitio polo que entran os elementos e principio ou cabeza por onde saen, como nunha cola normal.

A lectura nunha cola implica que o elemento lido sae da cola. Non se pode ler dúas veces o mesmo elemento.

Deque ou bicola é o TDA no que se pode producir a e/s polo principio ou polo final.
A bicola de entrada restrinxida é o TDA no que se pode sacar elementos polo principio ou polo final pero so se poden meter polo final.

As colas de prioridades soen ser colas de colas ordenadas por unha xerarquía arbitraria.
¡Nalgunhas implementacións de colas de prioridades dáse o fenómeno curioso de que se accede ós elementos intermedios! sen que isto supoña que se viola o concepto de cola.

IMPLEMENTACION ESTATICA DAS COLAS (en Pascal, mediante arrays)

PRIMEIRA IMPLEMENTACION
A entrada (final) é fixa mentres que a saída (principio) varía dentro do rango reservado.
-Avantaxes: sinxeleza.
-Inconvinte: limitación de memoria; desprazamento cada vez que se inserta un elemento na cola.

```
{----------------------------------------------------------------------------}
program
       colas ;
const
     ini = 1 ; { ¡chamo ini ó final da cola, por onde entran os elementos! }
     max = 5 ;
type
   tcola = record
                 arreglo : array [ ini .. max ] of char ;
                 cabeza : integer ;
           end ;
var
   cola : tcola ; c : char ; i : integer ;
{----------------------------------------------------------------------------}
procedure cls ;
          var
             i : integer ;
          begin
               for i := 1 to 24 do writeln ;
          end ;
{----------------------------------------------------------------------------}
procedure inicializar ( var cola : tcola ) ;
          begin
               cola . cabeza := ini - 1 ;
          end ;
```

```
{-------------------------------------------------------------------------}
function e_baleira ( cola : tcola ) : boolean ;
         begin
              e_baleira := cola . cabeza = ini - 1 ;
         end ;
{-------------------------------------------------------------------------}
function e_chea ( cola : tcola ) : boolean ;
         begin
              e_chea := cola . cabeza = max ;
         end ;
{-------------------------------------------------------------------------}
procedure insertar ( var cola : tcola ; c : char ) ;
          var
             i : integer ;
          begin
               if not e_chea ( cola ) then begin
                  for i := cola . cabeza downto ini do
                      cola . arreglo [ i + 1 ] := cola . arreglo [ i ] ;
                  cola . cabeza := cola . cabeza + 1 ;
                  cola . arreglo [ ini ] := c ;
               end ;
          end ;
{-------------------------------------------------------------------------}
procedure sacar ( var cola : tcola ) ;
          var
             i : integer ;
          begin
               if not e_baleira ( cola ) then begin
                  write ( 'Saiu o elemento: ' ) ;
                  writeln ( cola . arreglo [ cola . cabeza ] ) ;
                  cola . cabeza := cola . cabeza - 1 ;
               end ;
          end ;
{-------------------------------------------------------------------------}
procedure amosa_cola ( cola : tcola ) ;
          var
             i : integer ;
          begin
               for i := ini to cola . cabeza do
                   write ( cola . arreglo [ i ] , ' ' ) ;
               writeln ;
          end ;
{-------------------------------------------------------------------------}
begin
     inicializar ( cola ) ; randomize ; cls ;
     repeat
           write ( 'a cola é: ' ) ; amosa_cola ( cola ) ;
           writeln ( '1 - e_baleira' ) ;
           writeln ( '2 - e_chea' ) ;
           writeln ( '3 - insertar' ) ;
           writeln ( '4 - sacar' ) ;
           readln ( i ) ;
           case i of
                1 : writeln ( e_baleira ( cola ) ) ;
                2 : writeln ( e_chea ( cola ) ) ;
                3 : insertar ( cola , chr ( random ( 256 ) ) ) ;
                4 : sacar ( cola ) ;
           end ;
     until false ;
end .
```

SEGUNDA IMPLEMENTACION

Para evitar o desprazamento dos elementos da cola que se producía na anterior implementación cando se introducía un novo elemento, nesta segunda implementación tanto a fronte da cola (a cabeza, o inicio) como o final son índices variables.

A cola é circular: o seguinte ó derradeiro é o primeiro e o anterior ó primeiro é o derradeiro.

O problema que se plantexa é o de determinar cando a cola está baleira e cando está chea.

cola de 5 elementos, O é out (fronte) e I é in (final):

```
1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5
_ _ _ _ _   _ _ _ _ d   _ _ _ g d   _ _ v g d   _ k v g d   _ k v g _
      O I           I         I O       I   O     I     O     I   O
                    O
```

```
1 2 3 4 5   1 2 3 4 5  Vimos de cagala porque a situación inicial incitábanos
x k v g _   x k v g h  a pensar que cola_baleira := fronte = final - 1
I     O           O I  pero aquí está chea e esta condición cómprese.
```

Solucións posibles:

-Considerar que o rango válido é de 1 a n e a posición 0 é nula.
 Así, cando O + 1 = I (ousexa fronte é final -1) a cola está chea, e cando
 a cola está baleira tanto fronte como final apuntan a 0 (valen 0).

-Levar un simple contador de elementos que hai na cola.
-Perder unha celda, fronte apunta ó anterior do que hai que sacar e final
 apunta ó derradeiro que entrou.

 Inicializar : fronte := final := calquera posición válida do rango
 Baleira := final = fronte
 Chea := final + 1 = fronte

```
                                              (final=I fronte=O)
1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5   1 2 3 4 5
_ _ _ _ _   _ _ _ _ x   ñ _ _ _ x   ñ s _ _ x   ñ s h _ d   ñ s h _ _
      O           O I   I     O       I     O       I   O       I   O
      I                                          (cheo)
```

A implementación dinámica de colas faise mediante listas simplemente enlazadas nas que se inserta polo principio e se extrae polo final ou insértase polo final e se extrae polo principio.

Nas colas de prioridades existe un número asociado á información que indica un grao de xerarquía.

A implementación dunha cola de prioridades pode ser mediante unha lista ordenada por prioridades (¡dáse o fenómeno curioso de que se accede ós elementos intermedios!) ou mediante unha lista de colas. En calquera caso o primeiro criterio de ordenación é o de prioridade e o segundo o fifo.
A lista de colas é unha cola principal de nodos cabeceira contendo o número de prioridade, de cada un dos cales pendura unha cola fifo de elementos desa mesma prioridade.

```
Inserción nunha cola de prioridades:

SE a lista principal é baleira
ENT crear nodo cabeceira, gardar nel a prioridade do elemento que entra
    e crear un nodo único pendurando deste que garde ó elemento que entra
SENON
    SE a prioridade do que entra é maior que a do primeiro nodo cabeceira
    ENT insertar ó principio da lista de colas
    SENON
        MENTRES o seguinte cabeceira non sexa nulo
              E a prioridade do seguinte cabeceira sexa maior ou igual
                                                    que a do que entra
        FACER avanzar unha posición
                   ------------------------------------------------------
                   exemplo 10=maxprio 1=minprio insertar 3

                   ...-> 7 -> 5 -> X  ou ben ...-> 7 -> 3 -> X  ou ben
                              ^                         ^
                   ...-> 7 -> 5 -> 2 ->... ou ben ...-> 7 -> 5 -> 3 ->...
                              ^                                   ^
                   ------------------------------------------------------
        SE o actual cabeceira é da mesma prioridade que o que entra
        ENT insertar na cola que pendura de él
        SENON
            crear novo nodo cabeceira
            insertalo na lista principal entre o actual e o seguinte
            crear primeiro nodo que pendura do novo cabeceira e meter o novo
                                                                elemento
```

PILAS

As pilas son un tipo de dato abstracto que se caracterizan por unha estructura LIFO. O derradeiro elemento que entra é o primeiro que sae. A entrada e a saída so se poden facer por un dos dous extremos.

As pilas caracterízanse polo xeito en que se tratan os elementos que hai nelas. Se accedemos a un elemento intermedio da pila inmediatamente deixa de ser unha pila porque non a estamos tratando como tal.

Na memoria RAM hai unha parte que se chama stack que é unha pila onde se gardan as variables dos procesos. Para as variables globais resérvase espacio en tempo de compilación mentres que para as locais se reserva espacio en tempo de execución aínda que se definen en tempo de compilación. As variables locais so as permiten as linguaxes que teñen estructuras dinámicas.

O sitio por onde se inserta e se extrae chámase cabeza ou cumio da pila. Nalgunhas implementacións considérase unha operación de lectura non destructiva, ousexa mirar_cumio, que toma unha copia do elemento que está no cumio da pila sen que este saia da mesma. Pero normalmente a lectura dun elemento da pila implica que este elemento sae da mesma.

Nas implementacións dinámicas escollerase meter e sacar polo principio ou facer ambalas dúas cosas polo final. O normal é facelo polo principio xa que isto evita percorrer constantemente a pila ou manter un punteiro ó final da mesma.

```
{=============================================================================}
Exercicio:  Convertir unha pila de caracteres nun número real.
~~~~~~~~~~

       pila de caracteres
          1
          2
          3     => nºreal 123.5
          .
          5                  sen usar ningunha estructura auxiliar.


program
       pasa_pila_a_real ;

type
    tpila = ^ tnodopila ;

    tnodopila = record
                      car : char ;
                      sig : tpila ;
               end ;
{----------------------------------------------------------------------------}
procedure inipila ( var pila : tpila ) ;
begin
     pila := nil ;
end ;
{----------------------------------------------------------------------------}
function pilabaleira ( pila : tpila ) : boolean ;
begin
     pilabaleira := pila = nil ;
end ;
{----------------------------------------------------------------------------}
procedure metepila ( var pila : tpila ; c : char ) ;
var
   aux : tpila ;
begin
     if pilabaleira ( pila )
     then begin
          new ( pila ) ;
          pila ^ . car := c ;
          pila ^ . sig :=  nil ;
     end
     else begin
          new ( aux ) ;
          aux ^ . car := c ;
          aux ^ . sig := pila ;
          pila := aux ;
     end ;
end ;
{----------------------------------------------------------------------------}
procedure sacapila ( var pila : tpila ; var c : char ) ;
var
   aux : tpila ;
begin
     if not pilabaleira ( pila ) then begin
        c := pila ^ . car ;
        aux := pila ;
        pila := pila ^ . sig ;
        dispose ( aux ) ;
     end ;
end ;
```

```
{-----------------------------------------------------------------------}
procedure le_pila ( var pila : tpila ) ;
var
   str : string ;
   i : integer ;
begin
     writeln ( 'Escriba tódolos elementos da pila por orde dende o' ) ;
     writeln ( 'cumio ata o fondo, seguidos e sen espacios, e pulse Enter' ) ;
     readln ( str ) ;
     for i := length ( str ) downto 1 do
         metepila ( pila , str [ i ] ) ;
end ;
{-----------------------------------------------------------------------}
function convirte ( var pila : tpila ) : real ;
var
   c : char ;
   r : real ;
   parte_enteira : boolean ;
   divisor : real ;
begin
     r := 0 ;
     parte_enteira := true ;
     divisor := 10 ;
     while not pilabaleira ( pila ) do begin
           sacapila ( pila , c ) ;
           parte_enteira := parte_enteira and (c<>'.') ;
           if parte_enteira
           then r := r * 10 + (ord (c) - ord ('0'))
           else
               if c <> '.' then begin
                     r := r + ((ord (c) - ord ('0')) / divisor) ;
                     divisor := divisor * 10 ;
               end ;
     end ;
     convirte := r ;
end ;
{-----------------------------------------------------------------------}

var
   pila : tpila ;
begin
     le_pila ( pila ) ;
     writeln ( convirte ( pila ) ) ;
{
        exemplo da execución:
Escriba tódolos elementos da pila por orde dende o
cumio ata o fondo, seguidos e sen espacios, e pulse Enter
123.92837
 1.2392837000E+02
}
end.
```

```
{===========================================================================}
Exercicio: crear un conversor de expresións en notación infixa a notación
~~~~~~~~~~ prefixa e postfixa.

           -de prefixa a infixa, empezar polo final
           -de postfixa a infixa, empezar polo principio

           Ir ó final do código.

program
       convirte_de_infixa ;
const
     operadores = [ '*' , '+' , '-' , '/' ] ;
type
    tlista = ^ tnodolista ;

    tnodolista = record
                  car : char ;
                  sig : tlista ;
             end ;

    tpila = ^ tnodopila ;

    tnodopila = record
                  str : string ;
                  sig : tpila ;
              end ;

{---------------------------------------------------------------------------}
procedure metepila ( var pila : tpila ; str : string ) ;
var
   aux : tpila ;
begin
     if pila = nil
     then begin
          new ( pila ) ;
          pila ^ . str := str ;
          pila ^ . sig :=  nil ;
     end
     else begin
          new ( aux ) ;
          aux ^ . str := str ;
          aux ^ . sig := pila ;
          pila := aux ;
     end ;
end ;
{---------------------------------------------------------------------------}
procedure sacapila ( var pila : tpila ; var str : string ) ;
var
   aux : tpila ;
begin
     if pila <> nil then begin
        str := pila ^ . str ;
        aux := pila ;
        pila := pila ^ . sig ;
        dispose ( aux ) ;
     end ;
end ;
```

```
{--------------------------------------------------------------------------}
procedure metelista ( var lista : tlista ; c : char ) ;
var
   aux : tlista ;
begin
     if lista = nil then begin
        new ( lista ) ;
        lista ^ . car := c ;
        lista ^ . sig := nil ;
     end
     else begin
          new ( aux ) ;
          aux ^ . car := c ;
          aux ^ . sig := lista ;
          lista := aux ;
     end ;
end ;
{--------------------------------------------------------------------------}
procedure le_expr ( var lista : tlista ) ;
var
   str : string ;
   i : integer ;
begin
     writeln ( 'Escriba a expresión en infixa, e pulse Enter' ) ;
     readln ( str ) ;
     for i := length ( str ) downto 1 do
         metelista ( lista , str [ i ] ) ;
end ;
{--------------------------------------------------------------------------}
procedure le_expr_ó_reves ( var lista : tlista ) ;
var
   str : string ;
   i : integer ;
begin
     writeln ( 'Escriba a expresión, e pulse Enter' ) ;
     readln ( str ) ;
     for i := 1 to length ( str ) do
         metelista ( lista , str [ i ] ) ;
end ;
{--------------------------------------------------------------------------}
procedure in_a_pre ( in_ : tlista ; var pre : tpila ) ;
var
   str1 , str2 , str3 : string ;
begin
     while in_ <> nil do begin
           if ( in_ ^ . car <> '(' ) and ( in_ ^ . car <> ')' )
           then metepila ( pre , in_ ^ . car ) ;
           if in_ ^ . car = ')' then begin
              sacapila ( pre , str1 ) ;
              sacapila ( pre , str2 ) ;
              sacapila ( pre , str3 ) ;
              metepila ( pre , str2 + str3 + str1 ) ;
           end ;
           in_ := in_ ^ . sig ;
     end ;
     while pre ^ . sig <> nil do begin
              sacapila ( pre , str1 ) ;
              sacapila ( pre , str2 ) ;
              sacapila ( pre , str3 ) ;
              metepila ( pre , str2 + str3 + str1 ) ;
     end ;
end ;
```

```
{-------------------------------------------------------------------------}
procedure in_a_pos ( in_ : tlista ; var pos : tpila ) ;
var
   str1 , str2 , str3 : string ;
begin
     while in_ <> nil do begin
           if ( in_ ^ . car <> '(' ) and ( in_ ^ . car <> ')' )
           then metepila ( pos , in_ ^ . car ) ;
           if in_ ^ . car = ')' then begin
              sacapila ( pos , str1 ) ;
              sacapila ( pos , str2 ) ;
              sacapila ( pos , str3 ) ;
              metepila ( pos , str3 + str1 + str2 ) ;
           end ;
           in_ := in_ ^ . sig ;
     end ;
     while pos ^ . sig <> nil do begin
              sacapila ( pos , str1 ) ;
              sacapila ( pos , str2 ) ;
              sacapila ( pos , str3 ) ;
              metepila ( pos , str3 + str1 + str2 ) ;
     end ;
end ;
{-------------------------------------------------------------------------}

var
   lista : tlista ;
   pila : tpila ;
begin
     lista := nil ;
     le_expr ( lista ) ;
     in_a_pre ( lista , pila ) ;
     writeln ( 'En prefixa é: ' , pila ^ . str ) ;
     pila := nil ;
     in_a_pos ( lista , pila ) ;
     writeln ( 'En posfixa é: ' , pila ^ . str ) ;
end.

{ exemplo de execución deste programa:

Escriba a expresión en infixa, e pulse Enter
((a+b)*c)-(((f+h)+((l-g)*a))/(f-l))
En prefixa é: -*+abc/++fh*-lga-fl
En posfixa é: ab+c*fh+lg-a*+fl-/-

}

{==========================================================================}
POSFIXA A INFIXA
~~~~~~~~~~~~~~~~
                    A  B  C  *  D  E  F  ^  /  G  *  -  H  *  +

                    empézase polo principio, A

>-----------------------------------<
WHILE NOT COLABALEIRA DO

     [saca da cola]

     IF OPERANDO THEN METEPILA

     ELSE
          SACAPILA -> Y
          SACAPILA -> X
          METEPILA ( X OPERADOR Y )
>-----------------------------------<
```

exemplo:

```
A  B  C  *  D  E  F  ^  /  G  *  -  H  *  +
===========================================  é o estado inicial da cola
```

a evolución da pila é:

```
                   F
               E   E  E^F             G
    C      D   D   D   D   D/(E^F) D/(E^F)  (D/(E^F))*G
  B B B*C B*C B*C B*C B*C    B*C     B*C       B*C     B*C - (D/(E^F))*G
A A A  A   A   A   A   A      A       A         A              A
- - - --- --- --- --- ---  ------- ------- ----------- -----------------

       H
B*C - (D/(E^F))*G  ( B*C - (D/(E^F))*G )* H
       A                      A              A + ( ( B*C - (D/(E^F))*G )* H )
-----------------  ------------------------  --------------------------------
                                             a expresión final hai que
                                             sacala da pila tralo bucle
```

```
{=============================================================================}
PREFIXA A INFIXA
~~~~~~~~~~~~~~~~
                    A  B  C  *  D  E  F  ^  /  G  *  -  H  *  +

                    empézase polo final, +

>-----------------------------------<
WHILE NOT COLABALEIRA DO

     [saca da cola]

     IF OPERANDO THEN METEPILA

     ELSE
          SACAPILA -> X
          SACAPILA -> Y
          METEPILA ( X OPERADOR Y )
>-----------------------------------<

{=============================================================================}
INFIXA A POSFIXA
~~~~~~~~~~~~~~~~
                    (1.2+(4/2))*(2.3-(21.1*6.3))

                    empézase polo principio, 1.2

>-----------------------------------<
WHILE NOT COLABALEIRA DO

     [saca da cola]

     IF )
         SACAPILA -> Y
         SACAPILA -> OPERADOR
         SACAPILA -> X
         SACAPILA (
         METEPILA X,Y,OPERADOR

     ELSE METEPILA
>-----------------------------------<
```

exemplo:

```
(1.2+(4/2))*(2.3-(21.1*6.3))
============================ é o estado inicial da cola
```

a evolución da pila é:

```
                       2
                   /   /
               4   4   4
           (   (   (   (    4,2,/
       +   +   +   +   +      +                                    (
  1.2 1.2 1.2 1.2 1.2 1.2    1.2                     *             *
(  (   (   (   (   (   (      (     1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+
- --- --- --- --- --- --- ) ----- ) -----------  -----------  -----------

                                                                     6.3
                                                        *            *
                                         21.1         21.1          21.1
                              (            (            (            (
                 -            -            -            -            -
   2.3          2.3          2.3          2.3          2.3          2.3
    (            (            (            (            (            (
    *            *            *            *            *            *
1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+  1.2,4,2,/,+
-----------  -----------  -----------  -----------  -----------  ----------- )


21.1,6.3,*
    -
   2.3
    (         2.3,21.1,6.3,*,-
    *               *
1.2,4,2,/,+     1.2,4,2,/,+
----------- ) ----------------  ou ben se obriga a que toda a expresión
                                estea rodeada por derradeiros parénteses, ou
                                ben hai que repetir unha vez a operación de
                                sacar da pila, tralo bucle. O resultado é:
                                       1.2,4,2,/,+,2.3,21.1,6.3,*,-,*

{============================================================================}
INFIXA A PREFIXA
~~~~~~~~~~~~~~~~
                    (1.2+(4/2))*(2.3-(21.1*6.3))

                    empézase polo principio, 1.2

>----------------------------------<
WHILE NOT COLABALEIRA DO

     [saca da cola]

     IF )
         SACAPILA -> Y
         SACAPILA -> OPERADOR
         SACAPILA -> X
         SACAPILA (
         METEPILA OPERADOR,X,Y

     ELSE METEPILA
>----------------------------------<
```

RECURSIVIDADE

A recursividade aplícase cando para solucionar un problema, este se pode dividir noutros máis pequenos e todos se resolven do mesmo xeito.

Hai recursividade cando un subprograma se chama a sí mesmo directa ou indirectamente:
-recursividade directa: no código que conforma dito subprograma existe unha chamada a sí mesmo.
-recursividade indirecta: existe unha secuencia de chamadas entre subprogramas a cal ó final se convirte nun lazo pechado.

¿Cando hai que aplicar a recursividade?
-cando as estructuras de datos usadas se definen de maneira recursiva.
-cando un problema se autodefine de maneira recursiva.
-cando un problema se divide en subprogramas máis pequenos que precisan o mesmo tratamento.

TODO problema resolto de forma recursiva se pode resolver por un método iterativo.

As implementacións recursivas soen ser máis claras pero menos eficientes cás iterativas.

A recursividade so é posible en linguaxes que permitan asignación dinámica de memoria, pois nun programa recursivo non se sabe de antemán cantas chamadas se van facer ó algoritmo (p.ex., no cálculo do factorial non se sabe cantas variables se van utilizar):

A's variables locais resérvaselles espacio de memoria en tempo de execución.

Hai que ter tino de que o programa recursivo non se chame a sí mesmo indefinidamente e tén que haber un camiño ou condición co cal non se volve chamar ó caso base. E' dicir:

As normas son

1ª) Inclusión do caso base: no código debe aparecer o caso "parvo" do problema, o que tén resolución inmediata. No exemplo do factorial, if n = 0 then fact := 1.
2ª) Reducción do problema: debemos comprobar que en cada paso o problema se achega á solución, que queda menos traballo por facer. No exemplo do factorial, fact := n * factorial (n-1).
3ª) Rexeitamento de parámetros non válidos: antes de aplicar a recursividade débese confirmar que os parámetros son axeitados. No exemplo do factorial, if n >= 0 then begin ...

O que estamos consumindo na aplicación da recursividade é espacio da pila de memoria (STACK). Aínda que o "nome" da variable é o mesmo, estamos gardando valores distintos, variables diferentes (distintas direccións de memoria) referidas a distintos niveis de chamada.

O' usar un método iterativo e non o recursivo, emprégase o HEAP en troques do stack.

RECURSION DE COLA é aquela que se produce cando un subprograma se chama a sí mesmo na derradeira liña do código.

```
{═══════════════════════════════════════════════════════════════════════════}
Exercicio: Dado un número enteiro, crear un procedemento recursivo que
~~~~~~~~~~ escriba os díxitos dese número en orde.

{---------------------------------------------------------------------------}

program numero ; uses crt ;

procedure escribe ( n : longint ) ;
begin
     if n div 10 = 0
     then write ( n )
     else begin
          escribe ( n div 10 ) ; write ( '  ' , n mod 10 ) ;
     end ;
end ;

begin clrscr ;
     escribe ( 110293 ) ;
end.

{ na pantalla aparece: 1  1  0  2  9  3 }

{---------------------------------------------------------------------------}
```

Vemos que esta solución é pouco eficiente porque se van deixando operacións pendientes. A solución iterativa sería máis rápida. A conversión dun programa recursivo a iterativo faise siempre mediante bucles (e.g. while) e o uso de pilas.

So se pode pasar de recursividade a iteración sen usar pilas cando a chamada recursiva vai ó final do código do subprograma recursivo.

```
{═══════════════════════════════════════════════════════════════════════════}
```

Outro exemplo do pouco eficiente que pode chegar a ser un programa recursivo: os números de Fibonacci.

```
function fibo ( n : integer ) : integer ;
begin
     if n > 0
     then
       if (n = 1) or (n = 0)
       then fibo := n
       else fibo := fibo ( n-1 ) + fibo ( n-2 )
     else fibo := 0 ;
end ;

exemplo:                                   fibo(5)
                            fibo(4)           +             fibo(3)
                    fibo(3)    +   fibo(2)          fibo(2)  +    fibo(1)
               fibo(2)+fibo(1)  fibo(1)+fibo(0)  fibo(1)+fibo(0)
           fibo(1)+fibo(0)
```

Xa para un número pequeno como 5 se acumulan moitos cálculos repetidos.

```
{═══════════════════════════════════════════════════════════════════════════}
Exercicio: Construir un recoñecedor de palíndromos.
~~~~~~~~~~

function palindromo ( s : string ) : boolean ;
begin
     if length ( s ) < 2
     then palindromo := true
     else palindromo := ( s [ 1 ] = s [ length (s) ] )
                        and
                        ( palindromo ( copy ( s , 2 , length (s) -2 ) ) ) ;
end ;
```

```
{════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════}
Exercicio: procedemento copiador de lista simplemente enlazada.
~~~~~~~~~~
procedure copia ( lista1 : tlista ; var lista2 : tlista ) ;
begin
     if lista1 = nil
     then lista2 := nil
     else begin
         new ( lista2 ) ;
         lista2 ^ . info := lista1 ^ . info ;
         copia ( lista1 ^ . sig , lista2 ^ . sig ) ;
     end ;
end ;
```

Supoñendo o mesmo procedemento pero:

```
procedure copia ( lista1 , lista2 : tlista ) ;
```

(sen var) e referido a listas con nodo cabeceira ¿funcionaría?
A resposta é que sí.

```
{════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════════}
Exercicio: Función copiadora de lista simplemente enlazada.
~~~~~~~~~~
function copia ( lista : tlista ) : tlista ;
var
   c : tlista ;
begin
     if lista = nil
     then c := nil
     else begin
         new ( c ) ;
         c ^ . info := lista ^ . info ;
         c ^ . sig := copia ( lista ^ . sig ) ;
     end ;
     copia := c ;
end ;
```

A L G O R I T M O S   D E   B A C K T R A C K I N G (VOLTA ATRAS):

{══}
Exercicio: as oito raíñas: atopar como deben disporse nun taboleiro para
~~~~~~~~~~ que non se maten mutuamente.

```
X _ _ _ _ _ _ _
_ _ X _ _ _ _ _
_ _ _ _ X _ _ _
_ _ _ _ _ _ X _
_ X _ _ _ _ _ _
_ _ _ X _ _ _ _
_ _ _ _ _ X _ _
_ _ _ _ _ _ _ X
```

{está en seudocódigo}

```
procedure coloca ( i : integer { fila } ; var q : boolean ) ;
{ para cada raíña busca unha posición correcta en cada fila }
var
   j : integer ;
begin
     j := 0 ; { columna }
     q := false ;
     repeat
           j := j + 1 ;
           if e_valido ( i , j ) then
                coloca ( i , j ) ;
                if i < 8 then
                     coloca ( i+1 , q ) ;
                     if not q then quitar ( i , j )
                else q := true ;
     until (j = 8) or q ;
end ;
```

{══}
Exercicios propostos:
~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~
1) salto do cabalo: se a casiña inicial dun cabalo de xadrez é aleatoria ¿pode visitar tódalas casiñas do taboleiro unha e so unha vez?
2) laberinto construido cunha matriz 20x20 de booleans, 0 paso ceibe, 1 paso cortado, situación inicial aleatoria ¿pódese sair?
3) función comparadora de dúas listas simplemente enlazadas.

=-=

ORDEACION POR MISTURA

Divídese o array en dúas partes. Ordénanse por separado ambalas dúas partes e mistúranse. A subdivisión do array repítese ata que cada subarray tén un so elemento, i.e. está ordeado.

{está en seudocódigo}

```
procedure ord_mistura ( var datos : arreglo ; primeiro , derradeiro : integer
) ;
var
   metade : integer ;
begin
     if primeiro < derradeiro then
     begin
          metade := ( primeiro + derradeiro ) div 2 ;
          ord_mistura ( datos , primeiro , metade ) ;
          ord_mistura ( datos , metade +1 , derradeiro ) ;
          mistura ( datos , primeiro , metade , metade +1 , derradeiro ) ;
          { percorre as dúas partes tomando o menor de cada par e
          despois emborcando o contido }
     end ;
end ;
```

Este algoritmo supón unha mellora en canto á velocidade: tén complexidade
$n \log 2 (n)$ onde $n < n \log 2 (n) < n^2$
O único inconvinte que tén é que usa un array auxiliar para almacenar datos.

ORDEACION RAPIDA

```
procedure division ( var datos : arreglo ; primeiro , derradeiro : integer ;
var puntodivision : integer ) ;
{
Separa os elementos do arreglo datos entre os índices primeiro e derradeiro
segundo sexan os elementos menores ou maiores que puntodivisión.
Tómanse dous índices, un ó principio e outro ó final.
}
var
   dereita , esquerda , v : integer ;
begin
     v := datos [ primeiro ] ;
     dereita := primeiro + 1 ;
     esquerda := derradeiro ;

     repeat
           { mover dereita ata elemento > v }
           while ( dereita < esquerda ) and ( datos [ dereita ] <= v )
           do dereita := dereita + 1 ;
           { comprobar condición de fin }
           if ( dereita = esquerda ) and ( datos [ dereita ] <= v )
           then dereita := dereita + 1 ;
           { mover esquerda ata elemento <= v }
           while ( dereita <= esquerda ) and ( datos [ esquerda ] > v )
           do esquerda := esquerda - 1 ;
           if dereita < esquerda then begin
              trocar ( datos [ esquerda ] , datos [ dereita ] ) ;
              dereita := dereita + 1 ;
              esquerda := esquerda - 1 ;
           end ;
     until dereita > esquerda ;

     trocar ( datos [ primeiro ] , datos [ esquerda ] ) ;
     puntodivisión := esquerda ;
end ;
```

No mellor dos casos prodúcense n-1 comparacións, daquela no mellor
dos casos a complexidade do algoritmo de división é n.

```
procedure ord_rapida ( x , i , j ) ;
var
   p : integer ;
begin
     if i < j then begin
        division ( x , i , j  , p ) ;
        ord_rapida ( x , i , p-1 ) ;
        ord_rapida ( x , p+1 , j ) ;
     end ;
end ;
```

```
chamadas arrays
   0       1
   1       2
   2       4
   3       8
      ...
```

A complexidade de ord_rapida é lg 2 (n)

Entón a complexidade do algoritmo de ordenación rápida é de n¨lg 2 (n)
no mellor dos casos (i.e. os subarrays teñen o mesmo tamaño)

=-=

```
function busca_nodo ( d : tdato ; l : tlista ) : tnodo ;
var
   atopado : boolean ;
begin
     atopado := false ;
     while l <> nil and not atopado do
           if ( l ^ . info . info1 = d . info . info1 )
           and ( l ^ . info . info2 = d . info . info2 )
           then atopado := true
           else l := l ^ . sig ;
           busca_nodo := l ;
end ;

procedure ins_nodo ( d : tdato ; var l : tlista ) ;
var
   ptr : tlista ;
   atopado : boolean ;
begin
     if listabaleira ( l ) then begin
        crearnodo ( d , ptr ) ;
        l := ptr ;
     end
     else begin
          ptr := busca_nodo ( d , l ) ;
          if ptr <> nil
          then ptr ^. rep := ptr ^ . rep + 1 ;
          else begin
               atopado := false ;
               if ( l ^ . info . info1 > d . info . info1 )
               and ( l ^ . info . info2 > d . info . info2 )
               then
               ...
          end ;
     end ;
end ;
```

ARBORES

Def.- Unha árbore tipo T é unha estructura homoxénea que é a concatenación dun elemento de tipo T cun número finito de árbores disxuntas chamadas subárbores. Unha forma particular de árbore pode ser a estructura baleira. Disxunto significa que so hai unha forma posible de chegar a cada punto da árbore.

Unha árbore é unha lista non lineal.
-Lista porque contén elementos homoxéneos.
-Non lineal porque dado un elemento, este pode ter cero, un ou máis dun sucesor (elemento "seguinte"). O antecesor é único.

Podemos definir unha árbore como un TDA formado por un elemento diferenciado chamado raiz e por varias árbores que suceden ó elemento raiz (definición recursiva de árbore)

representacións:

a) diagrama de Venn



b) grafo



Características (segundo Cairó)
~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~
-toda árbore non baleira tén un único NODO RAIZ.
-un nodo X é DESCENDENTE DIRECTO ou FILLO dun nodo Y se o nodo X é apuntado polo nodo Y.
-un nodo X é ANTECESOR DIRECTO ou PAI dun nodo Y se o nodo X apunta ó nodo Y.
-dise que tódolos nodos que son descendentes directos dun mesmo nodo (fillos dun mesmo pai) son IRMANS.
-todo nodo que non tén ramificacións chámase NODO TERMINAL ou FOLLA.
-todo nodo non raiz nin terminal dise INTERIOR.
-GRAO DUN NODO é o número de descendentes directos do mesmo.
-GRAO DUNHA ARBORE é o número máximo de descendentes directos dun nodo calquera da árbore.
-NIVEL é o número de arcos que deben ser percorridos para chegar a un determinado nodo. Por definición a raiz tén nivel 1.
-ALTURA da árbore é o máximo número de niveis de tódolos nodos da árbore. (o nivel máximo de tódolos nodos da árbore)
-BOSQUE é un conxunto de ó menos unha árbore disxunta.

Defínese lonxitude de camiño como o número de arcos que deben ser percorridos para chegar dende a raiz a determinado nodo.

LONXITUDE DE CAMIÑO INTERNO
~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~
L.C.I.: E' a suma das lonxitudes de camiño de tódolos nodos da árbore. Pode calcularse por medio da seguinte fórmula:

$$L.C.I. = \sum_{i=1}^{h} n_i * i$$

h : altura da árbore
n_i : número de nodos no nivel i
i : nivel da árbore (altura do nivel)



Agora ben, a Media de Lonxitude de Camiño Interno L.C.I.M. calcúlase dividindo a L.C.I. entre o número de nodos existentes na árbore:

$$L.C.I.M. = \frac{L.C.I.M.}{n}$$

no exemplo LCIM sería 22/8

LONXITUDE DE CAMIÑO EXTERNO
~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~

Arbore extendida é aquela na que o número de fillos de cada nodo é igual ó grao da árbore. Se algún dos nodos da árbore non compre esta condición debe incorporárselle ó mesmo nodos especiais, tantos como sexan necesarios.



L.C.E.: E' a suma das lonxitudes de camiño de tódolos nodos ESPECIAIS da árbore. Calcúlase por medio da seguinte fórmula:

$$L.C.E. = \sum_{i=2}^{h+1} ne_i * i$$

exemplo:



A Media de Lonxitude de Camiño Externo L.C.E.M. calcúlase así:

$$L.C.E.M. = \frac{L.C.E.M.}{ne}$$

no exemplo sería 58/15

ARBORES BINARIAS
~~~~~~~~~~~~~~~~

Unha árbore ordenada é aquela na que as ramas dos nodos da árbore están ordenadas.
Unha árbore binaria é unha árbore ordenada de grao 2.

Def.- Unha árbore binaria de tipo T é unha estructura homoxénea que se compón mediante a concatenación dun elemento de tipo T chamado raiz, con dúas árbores binarias disxuntas chamadas subárbore esquerda e subárbore dereita da raiz.

As árbores binarias non son directamente comparables cas árbores ordinarias.

ARBORES BINARIAS DISTINTAS son aquelas con estructuras diferentes
~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~~ (independientemente da información que se
